

Gustav MAHLER

1860-1911

NACIONALIDADE: bohemio-austriaca

PERÍODO: Posromanticismo



Mahler naceu nunha familia humilde. Empezou a tocar o piano con 4 anos, sendo neno prodixio. Posteriormente, cursou estudos no Conservatorio de Viena de piano, composición e harmonía, sendo discípulo de Antón Bruckner. Destacou polas súas sinfonías.

A obra elixida é a Sinfonía nº1 "Titán". Mahler compuxo 9 sinfonías (máis unha décima incompleta) que actualmente forman parte do programa de moitas orquestras. Esta sinfonía conta con catro movementos. Resulta de especial interese o terceiro movemento (marcha fúnebre en tonalidade menor) onde comeza un contrabaixo só ó que se lle incorporan instrumentos progresivamente. Tras isto aparece un fragmento procedente da música tradicional de Bohemia.